

## LISTA DE ASISTENTES

### Membros da Comisión:

Carmen García Mateo (presidenta)  
Manuel García Sánchez (secretario)  
Manuel Caeiro Rodríguez  
Rebeca P. Díaz Redondo  
Mónica Fernández Barciela  
Artemio Mojón Ojea

### Outros asistentes:

Pedro Rodríguez Hernández

Acta da sesión da Comisión Académica do Programa de Doutoramento DocTIC da Universidade de Vigo, de vinte un de novembro de dous mil dezasete, reunida ás 12:30 h na sala A010 da EE de Enxeñaría de Telecomunicación.

O Martes, **día 21 de novembro de 2017**, ás 12:30 horas, comezou a sesión da Comisión Académica do Programa de Doutoramento DocTIC, cos asistentes que figuran á marxe, sendo presidida pola catedrática Carmen García Mateo, e actuando como secretario o catedrático Manuel García Sánchez

A orde do día contén os seguintes puntos:

1. Informe da coordinadora
2. Aprobación, se procede, de actas anteriores
3. Admisión a trámite, se procede, da Tese de Doutoramento de Marcos Mouriño García, aprobación, se procede, da proposta de tribunal e outros trámites relacionados.
4. Asuntos de trámite
5. Rogos e preguntas

### **Punto 1. Informe da coordinadora**

Non hai asuntos dos que informar.

### **Punto 2. Aprobación de actas**

Apróbase, por asentimento, a acta de 7 de novembro de 2017.

### **Punto 3. Admisión a trámite, se procede, da Tese de Doutoramento de Marcos Mouriño García, aprobación, se procede, da proposta de tribunal e outros trámites relacionados.**

Apróbase recoñecer a actividade “artigo en revista internacional” o artigo “Cross-repository aggregation of educational resources” publicado en Computers & Education, no. 117 (Supplement C):31-49.

Apróbase a avaliación favorable do curso 2017/18 do alumno Marcos Antonio Mouriño García.

Compróbase o cumprimento dos requisitos establecidos na memoria do programa para a defensa da tese de doutoramento. Ten aprobadas as avaliacións anuais dende o curso 2015/16 até o actual. Tamén ten realizadas as actividades formativas obrigatorias:

Actividade obrigatoria	Evidencias no documento de actividades
1. Defensa do Plan de Investigación	Ten defendido o Plan de Investigación dende o curso 2014/15, tal como figura baixo o epígrafe “Outros méritos de investigación”.

3. Preparación dunha comunicación científica internacional	Ten feito varias publicacións segundo figura no epígrafe “Artigos en revistas internacionais”
4. Envío de artigos a congresos científicos internacionais	Ten feito varias comunicación segundo figura no epígrafe “Comunicacións en congresos internacionais”

Apróbase a admisión a trámite da Tese de Marcos Antonio Mouriño García titulada “Clasificación multilingüe de documentos utilizando machine learning y la Wikipedia”, dirixida polos profesores Luis Eulogio Anido Rifón e Roberto Pérez Rodríguez, e presentada baixo a modalidade de compendio de artigos,

Apróbase a proposta de tribunal formado por:

	Apelidos e Nome	Universidade ou Institución	Proposta
1	María Nieves Rodríguez Brisaboa	Universidade da Coruña	Presidente
2	Manuel Vilares Ferro	Universidade de Vigo	Secretaria
3	Sofoklis Sotiriou	Ellinogermaniki Agogi Center for Science teachers Training	Vogal
4	Lidia Fuentes Fernández	Universidad de Málaga	Suplente
5	Ana Fernández Vilas	Universidade de Vigo	Suplente
6	Fidel Cacheda Seijo	Universidade da Coruña	Suplente

#### Punto 4. Asuntos de trámite

Apróbase a matrícula a tempo parcial dos/as seguintes alumnos/as:

- Espozo Espinosa, Juan E.
- Soto Rodríguez, Eduardo

Apróbase a estancia de

- Silvia García Méndez na Universidade de Aberdeen dende o 2 de xullo de 2018 até ó 2 de outubro de 2018.

Apróbanse os informes de desempeño dos alumnos:

- Arriba Pérez, Francisco
- Ramos Merino, Mateo

Asígnase a Francisco Javier González Castaño como titor do alumno Antonio Vidal Vidal na liña Arquitectura e Servicios Telemáticos.

## **Punto 5. Rogos e preguntas**

A profesora Rebeca P. Díaz Redondo expón as dificultades dalgúns alumnos estranxeiros para afrontar nun so pago o importe da matrícula de doutoramento, solicitando transmitir a EIDO a petición de que se habilite o pago fraccionado da matrícula de doutoramento.

Tamén expón á dificultade que teñen algúns estudantes estranxeiros co idioma á hora de completar os trámites administrativos. Acórdase solicitar á EIDO que proporcione apoio administrativo en inglés para que as comunicacións cós alumnos estranxeiros que o necesiten sexan en inglés.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión.

O Secretario,

Manuel García Sánchez

VºBº  
A Presidenta,

Carmen García Mateo